tr transp

CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR
Praza do Concello,1 – 32710 O Pereiro de Aguiar
Tel. 988 25 93 85 – 629 317 011 / Fax. 988 25 93 95
www.concellopereiro.com / info@concellopereiro.com

CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR (Ourense)
REXISTRO XERAL
13 NOV. 2015
Nº ENTRADA —— | Nº SAÍDA 4086

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
PRESIDENCIA
RÚA DO PROGRESO
OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
REXISTRO XERAL
17 NOV 2015
N.º ENTRADA 33444 | N.º SAÍDA

**ASUNTO:** CONVENIO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Aos efectos oportunos xunto remito a Vde. certificación do acordo adoptado polo Pleno deste Concello en sesión ordinario de 02.10.2015, no que se aprobou o Convenio de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

O Pereiro de Aguiar, 10 de novembro de 2015.

O alcalde

CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR (OURENSE) ALCALDÍA

Eliseo Fernández Gómez

CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR
Praza do Concello,1 – 32710 O Pereiro de Aguiar
Tel. 988 25 93 85 – 629 317 011 / Fax. 988 25 93 95
www.concellopereiro.com / info@concellopereiro.com

D. Plácido Álvarez Dobaño, secretario-interventor do Concello do Pereiro de Aguiar (Ourense),

**CERTIFICA**: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, que tivo lugar o día dous de outubro de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

10.- ASUNTOS URXENTES.

Trala unánime declaración de urxencia dos seguintes asuntos, por non figurar na Orde do Día, adóptanse os seguintes **acordos:**

***"10.1.- CONVENIO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.***

*A instancia do Sr. alcalde, polo Sr. Secretario dáse ao Pleno conta do texto do Convenio de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, para a súa aprobación. A proposta do Sr. alcalde o Pleno, por maioría absoluta -votan a favor os/as concelleiros/as do PP (8), do PSdeG-PSOE (2) e de Democracia Ourensana (2), abstense o Sr. González Lamas (Son do Pereiro de Aguiar), adopta o seguinte* ***ACORDO:***

***10.1.1.-*** *Aprobar o Convenio de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.*

***10.1.2.-*** *Transferirlle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Porta de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previsto no dito convenio.*

***10.1.3.-*** *Designar como persoas responsables da execución do convenio a Dª. Yajaira Lage Blanco (auxiliar administrativa) e Dª Marina Sara González Soto (asesora xurídica do Concello)."*

E para que así conste e surta os efectos oportunos no expediente da súa razón, expido a presente coa salvedade do art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, e co visto e prace do Sr. Alcalde, en O Pereiro de Aguiar a dous de outubro de dous mil quince

Secretario-interventor

Plácido Álvarez Dobaño

Vº e Prace
O alcalde,

Eliseo Fernández Gómez

SECRETARÍA INTERVENCIÓN

ALCALDÍA